



RESOLUCIÓN REITORAL DO 8 DE MAIO DE 2020 SOBRE O CALENDARIO DE RETORNO PROGRESIVO Á ACTIVIDADE PRESENCIAL NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Este documento ten por finalidade ordenar cronoloxicamente, de acordo coas previsións contidas no “Plan para a transición á nova normalidade” do Ministerio de Sanidade do 25 de abril de 2020, a aplicación da Resolución Reitoral do 5 de maio de 2020 sobre medidas e liñas de actuación en materia de prevención de riscos laborais fronte ao COVID-19 e de reincorporación presencial do persoal.

En todas as fases, seguiranse as medidas preventivas establecidas na Resolución Reitoral do 6 de maio de 2020 e no documento “Boas prácticas nos centros de traballo para a prevención de contaxios do COVID-19” publicado o 6 de maio de 2020.

Así pois, seguindo a implementación das fases previstas no dito plan (apartado VII e anexo II do referido plan do ministerio), e sempre en función da confirmación mediante resolucións gobernativas do cumprimento no ámbito territorial da UDC dos indicadores do panel de indicadores (apartado IV do referido plan do ministerio):

As previsións establecidas para cada unha das seguintes fases, son acumulativas na inmediatamente posterior.

Fase 0 (data prevista: até o 11 de maio)

Aplicación da normativa actualmente vixente na UDC (Resolución Reitoral do 11 de abril de 2020 de adaptación da Universidade da Coruña á nova prórroga do estado de alarma).

Fase 1 (datas previstas: do 11 ao 24 de maio, ambos inclusive)

Semana do 11 ao 18 de maio:

Continuarase a priorizar o traballo non presencial. Retornarase á actividade en xornada ordinaria de 37,5 horas á semana, en coordinación coa persoa responsable da súa unidade administrativa e da demais persoas desa unidade.

Deberá incorporarse ao traballo presencial unha persoa, en cada unidade, servizo ou área dos centros e dos servizos centrais.

Código Seguro De Verificación	hCE9prfSELKIA1FZvE0QgA==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor			Asinado	08/05/2020 10:27:37
Observacións				Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hCE9prfSELKIA1FZvE0QgA==				





Compete ás persoas responsables da unidade, xefe/a de servizo, decanato ou dirección do centro e dirección da biblioteca a determinación do xeito en que se vaia realizar esta incorporación. Nesta primeira fase, deberán incorporarse principalmente, se as circunstancias así o permiten, os postos de traballo con maior responsabilidade de cara á organización da seguinte fase. No caso de unidades cunha soa persoa, corresponderá á Xerencia establecer a incorporación, sempre considerando a priorización do traballo non presencial.

Por mor da prevención da distancia mínima de dous metros entre persoas, a persoa responsable da unidade poderá organizar a prestación da xornada diaria en réxime de quendas.

Nesta fase cada un dos centros, servizos e unidades, fará as modificacións funcionais que permitan adaptarse aos novos sistemas de funcionamento e de aforo. En concreto, as persoas responsables dos distintos centros e unidades, organizarán o reparto do material de protección individual, a instalación da sinalización, a instalación das mamparas nos espazos de atención ao público, e a organización da actividade que se iniciará na fase 2.

Abertura dos centros ao persoal da UDC.

Desde o día 11 de maio tamén se abrirán os laboratorios para a súa actividade de investigación, seguindo as medidas individuais e colectivas de prevención de riscos recollidas na resolución reitoral do 6 de maio e no documento de Boas Prácticas nos centros de traballo.

Non será necesario xustificante para o desprazamento nin permiso para o acceso ao centro.

Realizarase unha desinfección específica de bibliotecas e laboratorios, ademais da desinfección e limpeza en todos os centros e dependencias da UDC.

Semana do 18 ao 24 de maio:

Atención presencial ao público só de xeito puntual e previa cita. Ademais, en casos debidamente xustificadas e previa solicitude, o estudantado poderá acceder ás instalacións académicas cando teña problemas de conectividade ou para a preparación de docencia non presencial.

Código Seguro De Verificación	hCE9prfSELKIA1FZvE0QgA==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor			Asinado	08/05/2020 10:27:37
Observacións				Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hCE9prfSELKIA1FZvE0QgA==				





Fase 2 (datas previstas: do 25 de maio ao 21 de xuño, ambos inclusive)

Abertura ao público de todos os centros.

O aforo dos espazos comúns dos centros non excederá do 30 %.

Incorporación mínima do 30 % do persoal de cada unidade. Realizarase a incorporación á actividade presencial do persoal que polas súas funcións ou circunstancias non poidan realizar o traballo non presencial.

O persoal con necesidade de conciliación da vida laboral e familiar, poderá solicitar coa correspondente xustificación (coa mesma documentación que á esixida antes do período de confinamento) á persoa responsable da súa unidade coa finalidade de que se teña en conta nesta incorporación progresiva. En caso de discrepancia, resolverá a Xerencia.

A Xerencia decidirá a abertura das cafetarías concesionarias da UDC (sempre co límite do aforo do 30 %) e a reanudación das actividades culturais e deportivas (sempre co límite do aforo do 30 %), neste último suposto a proposta da Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deportes.

Os seminarios, conferencias, reunións e similares poderanse celebrar cun aforo máximo do 30% do total do local de reunión, até un máximo de 50 persoas e sempre mantendo a distancia mínima de dous metros e cumprindo as demais medidas e recomendacións de prevención.

Fase 3 (datas previstas: a partir do 22 de xuño).

Reincorporación xeral ao traballo presencial, a excepción de persoas especialmente sensibles que, como resultado da avaliación de riscos realizada polo Servizo de Prevención de Riscos, teñan unha situación diferenciada, e aqueles casos de conciliación da vida familiar e laboral por mor de situacións derivadas do COVID-19.

Asinado dixitalmente polo reitor da UDC

Código Seguro De Verificación	hCE9prfSELKIA1FZvE0QgA==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor			Asinado	08/05/2020 10:27:37
Observacións				Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hCE9prfSELKIA1FZvE0QgA==				

